


AXENDA TOMIÑO
OUTONO 2023
OUTUBRO—XANEIRO



cultura—mocidade—deporte—voluntariado—eurocidade







UTO NO

setembro—outubro—novembro
decembro—xaneiro

-  cultura
-  mocidade
-  deporte

-  voluntariado
-  eurocidade

**SE
TEM
BRO**





ESCOLA DE MÚSICA

Durante todo o ano

Auditorio de Goián
Horario a consultar
A partir de 3 anos
De balde o primeiro
mes de proba

O Concello de Tomiño colabora coa Agrupación Musical de Goián e a súa Escola de Música formada por unhas 150 alumnas e alumnos. As nenas e nenos que o desexen poden entrar a formar parte da escola de música en calquera momento.

Cunha ampla oferta de actividades:

Xardín de Infancia: 3 anos
Música e movemento: 4, 5 anos
Iniciación: 6, 7 anos

SE
TEM
BRO

#Eurocidade



A
MEMORIA
DOS
RÍOS

VOL. I

O Miño sereno

LIBRO
INTERACTIVO



PRESENTACIÓN E PROXECCIÓN DO LIBRO INTERACTIVO O MIÑO SERENO, DE LUCÍA LAÍN

22

venres
setembro

20:30 h
Auditorio de Goián

Tratando de facer realidade o soño de Unamuno, o proxecto responde o desexo de seguir o curso dun río, o Miño, navegando polas páxinas dun libro interactivo. Un diálogo enriquecedor entre as primeiras fotografías que se tomaron en torno ao leito do río e os versos e reflexións que sobre el se depositaron.

SE
TEM
BRO

#Eurocidade



Antonio Soliño Troncoso

O CAMIÑO (DA NOSA SEÑORA)
DO NORTE A SANTIAGO

PRESENTACIÓN DO LIBRO O CAMIÑO (DA NOSA SEÑORA) DO NORTE A SANTIAGO

29

venres
setembro

Pola mañá
Vila Nova de Cerveira
e Goián
Información actualizada en
eurocidadecerveiratomino.eu

A investigación do arquitecto Antonio Soliño documenta o paso de peregrinos e peregrinas polo territorio da Eurocidade cara a Santiago dende o século XIII. Unha proposta que fortalece a identidade transfronteiriza e permite tender novas pontes de amizade entre Galicia e Portugal, xa que comeza en Barcelos, segue por Viana do Castelo e Cerveira e cruza a Tomiño para continuar por Gondomar, Vigo e Redondela ata Vilavella, onde se funde co Camiño Central a Santiago.

SE TEM BRO

#MocidadeActiva



CURSO BÁSICO DE PRIMEIROS AUXILIOS EXPEDIDO POLA CRUZ VERMELLA

30

sábado
setembro

e sábados 7, 14 e
21 de outubro

Escola Obradoiro de
Goián
De 9:00 h a 14:00 h
A partir de 12 anos
20€

Os contidos desta formación van capacitar ó alumnado asistente para desenvolver correctamente a súa actuación ante unha emerxencia. Ao rematar recibirán un certificado de asistencia expedido por Cruz Vermella.

**OU
TU
BRO**



ESCOLA DE TEATRO




ESCOLA DE TEATRO

**Todos os martes
de outubro a xuño**

Todos os martes de
outubro a xuño
Auditorio de Goián
Dende os 4 ata os 17
anos de idade
15€
Abriranse as inscri-
cións en setembro

A Escola Municipal de Teatro inicia un novo curso para achegar á infancia e á adolescencia ao mundo teatral ao tempo que se estimulan as capacidades creativas, se fomenta o traballo en equipo e se melloran os recursos comunicativos, entre outros. Combínanse a expresión dramática coa creación, ensaio e posta en escena dunha obra.



CARNÉ DE VOLUNTARIO/A

De balde

A OMIX do concello de Tomiño crea un carné de voluntario propio ao que poderán acceder as persoas que formen parte de programa municipal de voluntariado e cumpran os requisitos necesarios. A expedición do carné de voluntario ten unha triple función: acreditar á mocidade voluntaria o exercicio das tarefas correspondientes do programa, materializar o recoñecemento e valoración social da acción voluntaria e dar acceso á persoa posuidora a unha serie de bonificacións ou reducións nalgúns servizos municipais. Os requisitos para poder acceder ao carné de voluntario/a son os seguintes: realizar de xeito activo algún tipo de voluntariado enmarcado nun programa ou proxecto de ámbito municipal, estar dado de alta como voluntario/a cubrindo o modelo de acordo para tal fin, acreditar que a dita actividade vén realizándose cunha antigüidade mínima de seis meses.

OUTUBRO

#Voluntariado



CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO NOSO VOLUNTARIADO LOCAL

Durante todo o mes de outubro

Municipio de Tomiño
De balde

Durante o mes de outubro o voluntariado local realizará un video para dar a coñecer o seu traballo. Amosaranse as posibilidades que ten a mocidade tomiñesa para realizar programas de voluntariado no concello de Tomiño de xeito gratuíto e cunha chea de vantaxes.

ESCOLA DE TENIS

03**martes**

outubro

ata sábado 29 de
xuño

Martes: 16:00 h a 17:00 h,
de 17:00 h a 18:00 h e de
18:00 h a 19:00 h

Mércores: 16:00 h a 17:00 h
e de 17:00 h a 18:00 h.

Sábado: 10:00 h a 11:00 h,
de 11:00 h a 12:00 h e de
12:00 h a 13:00 h.

Actividade impartida por profesionais da materia en pistas municipais co obxectivo de introducir ás persoas interesadas neste deporte.

Pistas de tenis do Mosteiro
A partir de 4 anos de idade
Un día/semana: 20€ Dous
días/semana: 30€



5º ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN DA EUROCIDADE CERVEIRA TOMIÑO PRESENTACIÓN DA AXENDA URBANA 2030

04

mércoles
outubro

Vila Nova de Cerveira
Información actualizada en
eurocidadecerveiratomino.eu

Os concellos de Vila Nova de Cerveira e Tomiño únense para dar un paso máis adiante na súa historia de cooperación. A súa Axenda 2030 é un marco de referencia para a planificación estratéxica da Eurocidade que busca promover a cohesión ambiental, social e económica deste territorio transfronteirizo. É unha innovadora ferramenta de planificación conxunta que permite concibir o territorio como un espazo funcional buscando novos xeitos de atallar problemas que afectan directamente á vida cotiá das persoas.



Ciclo de outono



Ás 20:30h no Auditorio de Goián

BONO PARTICIPATIVO:

10 €

CICLO DE OUTONO DO CINECLUB POLEIRO

O Cineclub Poleiro naceu hai 25 anos dentro da Asociación Cultural Eliseo Alonso, integrándose na Federación Galega de Cineclubs. Empezou coa mesma finalidade xeral ca propia asociación: servir como xerme de promoción cultural dentro da nosa comarca. O seu obxectivo é achegar o cine de calidade, representativo do cine máis actual as veces lonxe da distribución comercial, a unha comarca que foi comprobando nestas décadas como os cines foron desaparecendo dos seus concellos.

Unrueh

05

xoves
outubro

Eo

09

xoves
novembro

Utama

14

xoves
decembro

El regreso de las golondrinas

11

xoves
xaneiro

Auditorio
de Goián
20:30 h

Público adulto
10€

MURMURABAN AS MIÑAS VECIÑAS DE DANI BLANCO

“Murmuran as miñas veciñas” é a recompilación de historias vivas para ser contadas a viva voz, aquí presentadas coma unha instantánea, coa humilde intención de que permanezan nalgún lugar. Contos de mulleres do Morrazo, mais que podían ser de calquera vila, porque mulleres bravas hainas en todas partes.

OU
TU
BRO

#CulturON
#OutonoDeLibros

MURMURABAN AS MIÑAS VECIÑAS

Media ducia de contos



06

venres
outubro

Mercado de Tomiño
20:00 h
Todos os públicos
De balde



NAIS DE INMA MORANDEIRA E EVA IGLESIAS

07

sábado
outubro

Auditorio de Goián
21:00 h
A partir de 12 anos
5€

Elena (Eva Iglesias) e Carla (Inma Morandeira) son as protagonistas desta comedia de enredo chea de situacións disparatadas. Ambas se coñecen por casualidade na sala de espera do xinecólogo. Elena é tradicional e non concibe a maternidade sen a existencia dun pai. Carla, pola contra, é unha executiva á que lle preocupa máis a súa carreira profesional. O karma é caprichoso e non será, nin moito menos, a última vez que se atopen xa que a vida as poñerá cara a cara en diferentes etapas da súa existencia. Conseguirán estes encontros achegar as súas posturas? Acabarán converténdose en inimigas íntimas? 75 minutos de pura comedia, na que nada é o que parece.



OBRADOIRO DE MÚSICA URBANA

07**sábado**
outubro

e sábados 14, 21
e 28 de outubro

Espazo Mercado de
Goián

De 10:30 h a 13:30 h

A partir de 14 anos

15€

Este obradoiro ten como obxectivos fundamentais fomentar a conciencia crítica da mocidade, potenciar as súas competencias creativas, lingüísticas e musicais así como fomentar o seu desenvolvemento persoal e social. A actividade está dirixida á rapazada a partir de 14 anos. O obradoiro está estruturado en 4 sesións; nas dúas primeiras falarase da produción musical e da creación de letras, procurando sempre a participación do alumnado e o seu espírito crítico. Nas dúas seguintes, as persoas participantes gravarán a súa propia canción. Esta será mesturada para a súa posterior difusión.



DUNCAN DE PALLEIRO DE LILA TEATRO

12

domingo
outubro

Auditorio de Goián
17:30 h

Público familiar

3€ adultos / 1,5€ infancia

Duncan, o Príncipe das Corredoiras, é un can dunha raza mítica, lendaria e con moito prestixio, a de Palleiro. Trátase dun can moi especial, aínda que Duncan leva unha vida sinxela á beira do seu amo Aurelio e dos seus amigos, veciñas e rabaños de sempre nunha aldeíña ao amparo do monte Espigo chamada Oubidos, da cal sente moi fachendoso. Duncan ama profundamente a todos os nenos e nenas, e alí onde ve leva consigo unha grandísima sorpresa que non deixará a ninguén indiferente. Amizade, Alegría e Liberdade son as palabras que máis lle gustan a Duncan de Palleiro.

RULIÑA NO CAMIÑO

DE ALFONSO FERREIRA RAMILO

Ruliña, co gallo do Ano Santo Xacobeo 2021/22 vai facer o Camiño de Santiago dende Tui. Un Camiño cheo de aventuras, de historias, beleza, maxia... é dicir, un Camiño axeitado para a xente da súa idade. Ruliña corre unha chea de aventuras e estará en contacto con personaxes senlleiros do Camiño. Mesmo se trasladará no tempo ata centos de anos atrás. Pero coma vai poder contar todas as súas aventuras aos seus pais e mesmo aos seus amigos da aldea? Van crer todas estas experiencias?



13

venres
outubro

Mercado de Tomiño
20:00 h
Público familiar
De balde



DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL

14

sábado
outubro

Edificio anexo ao
Mercado de Goián
de 17:30 h a 19:30 h
Todos os públicos
De balde

O 10 de outubro é o Día Mundial da Saúde Mental así que o grupo de voluntariado organiza unha xornada para visibilizar a situación das persoas con problemas de saúde mental e as súas familias e tamén reivindicar publicamente os seus dereitos. Haberá un par de conferencias impartidas por profesionais neste eido.



CONCERTO DE OUTONO DA CORAL POLIFÓNICA DE TOMIÑO

15**domingo**
outubro

Auditorio de Goián
19:00 h
Todos os públicos
De balde

A Coral Polifónica de Tomiño sorprenderá ao público cun espectáculo no que todas as persoas asistentes poderán desfrutar do seu variado repertorio, que inclúe cancións populares e clásicas, así como algunhas pezas contemporáneas.

CLARO DE LÚA DE PURIFICACIÓN AMEIXIDE


Puri Ameixide, licenciada en Filoloxía e profesora de lingua no IES Antón Alonso Ríos de Tomiño, é autora de: “Nada se esquece” (Redelibros, 2013) e “Claro de lúa” (Xerais, 2018). “Claro de lúa” transcorre a comezos do século XIX na Guarda, a onde chega un forasteiro que se namorará, en máis dun sentido, da nosa terra. Ao mesmo tempo que á deliciosa trama principal, asistimos á invasión napoleónica, os levantamentos de maio de 1808, a chegada das tropas imperiais a Galiza e o seu paso polo Baixo Miño, a Reconquista de Vigo e a batalla de Pontesampaio. “Nada se esquece” narra o paso da infancia á adolescencia dunha nena nunha pequena vila galega a mediados dos setenta. Escrita con humor e tenrura, evoca moitas vivencias compartidas por toda unha xeración desde a voz sempre curiosa, sorprendida e sorprendente da protagonista.

20

venres
outubro

Mercado de Tomiño
20:00 h
A partir de 12 anos
De balde

Puri Ameixide
Claro de lúa





OU
TU
BRO

#CulturON
#MesDoHumor

SMOKE ON THE WATER DE IBUPROFENO TEATRO

21

sábado
outubro

Auditorio de Goián
21:00 h
Público adulto
5€

A peza fala da situación dunha familia en decadencia, con problemáticas que xorden en calquera parella actual despois de 25 anos de convivencia, pero todo moi matizado por un estilo de vida en contra do sistema, que lle dá o contrapunto cómico despois. Fálanos dos coidados, das drogas, do rock and roll, da prostitución masculina, da crise económica, da enfermidade mental e mesmo da morte digna.



NINA NINETTE DE PAULA QUINTAS-CÍA

22

domingo
outubro

Auditorio de Goián
17:30 h
Todos os públicos
5€

Nina, valente e alegre a partes iguais, atopa unhas flores moi especiais que a levan a descubrir un mundo fantástico, habitado por seres máxicos, poderosos e divertidos. Todo é tan diferente, tan brillante, tan fermoso! Pero Nina estraña o seu fogar e decide marchar. A cuestión é que ese mundo é un labirinto e como todos os labirintos, é moi fácil entrar pero moi complicado saír. Conseguirao?

LOS SECRETOS DE LOS CUENTOS CLÁSICOS (ARCHIVOS DESCLASIFICADOS)

DE MIRIAM C. LEIRÓS

“Caperucita Roja, Blancanieves, Cenicienta, Los tres cerditos...” Os contos de toda a vida poden ser vistos doutro xeito. Dende unha perspectiva ecolóxica e actual, e deixando falar a “os malos” ou aos que non tiveron voz de cada historia.



27

venres
outubro

Mercado de Tomiño
20:00 h
Público familiar
De balde

OU
TU
BRO

#CulturON
#OutonoDeLibros

XORNADA DE ADOPCIÓN DE CANS E GATOS



CAMPAÑA DE ADOPCIÓN CANINA E FELINA

28

sábado
outubro

Praza do Seixo
de 10:00 h a 14:00 h
Todos os públicos
De balde

O grupo de voluntariado, como xa vén sendo costume, vai realizar unha campaña previa de promoción da adopción canina e felina nas redes sociais e despois, xunto coas protectoras da zona, organiza unha xornada de adopción de cans e gatos na praza do Seixo. Tamén se recollerá comida e materiais para donarlle ás protectoras. A mocidade voluntaria fará unha campaña entre profesionais do mundo veterinario, supermercados e comercios de Tomiño co obxectivo de que colaboren na campaña.



OU
TU
BRO

#Eurocidade



2º CICLO EXPOSITIVO DO MUSEU BIENAL DE CERVEIRA

28

sábado
outubro

ata 24 de febreiro

Câmara Municipal de Vila
Nova de Cerveira e

República Portuguesa

De martes a venres de

14:00 h ás 18:00 h

Sábados: 10:00 h ás 13:00 h

e das 14:00 h ás 18:00 h

Máis info: bienaldecerveira.pt

Exposición “Perspetiva 24”

Sala principal de exposiciones,
Museu Bienal de Cerveira

Exposición “Exilados: do arquivo de Henrique Silva aos artistas em Paris”

Galería Germano Cantinho e Galeria
João Lemos Costa, Museu Bienal de
Cerveira

Exposición “Livre trânsito”

Espazo Norte do Fórum Cultural de
Cerveira

Exposición “O poder do objeto”

Galeria Bienal de Cerveira

**NO
VEM
BRO**





O GOIÁN VACIADO, DO GRUPO SAN ROQUIÑO

04

sábado
novembro

e domingo, 05 de
novembro

Auditorio de Goián
Sábado, dous pases:
ás 18:00 h e 22.00 h
Domingo, dous pases:
ás 17:00 h e 21:00 h
Todos os públicos
Prezo: 1kg de comida
perdurábel

Podería ser unha realidade, pero só é o título da próxima longametraxe que vai estrear o grupo San Roquiño. Unha vez máis, unha historia na que a veciñanza interpreta a personaxes variopintos, cargada de humor e sátira.

NO VEM BRO

#CulturON
#MesDoAmor



ÚLTIMO VERÁN EN SANTA CRISTINA DE TEATRO DO NOROESTE

11

sábado
novembro

Auditorio de Goián
21:00 h
Público adulto
7€

Último verán en Santa Cristina, conta o que lle ocorre a un mozo de 12 anos que, no ano 1960, pasa o seu último verán nunha praia preto da cidade na que vive. Moitos anos despois, cando xa é un home adulto recibe unhas cartas supostamente propiedade da súa nai xa morta e, na lectura destas cartas, rememora o acontecido aquel verán.

**NO
VEM
BRO**

#CulturON
#MesDoAmor



MAXIA DELUXE DE CAYETANO LLEDÓ

12


domingo
novembro

Auditorio de Goián
17:30 h
Todos os públicos
7€ adultos / 3,5€ infancia

Este é o espectáculo de maxia que Cayetano Lledó presentou no campionato do mundo de maxia en Busán, Corea do Sur, e co que conseguiu a 4ª posición na clasificación mundial.

NO VEM BRO

#CulturON
#MesDoAmor



CONCERTO DE STA. ICÍA

18

sábado
novembro

Auditorio de Goián
19:30 h
Todos os públicos
De balde

A Agrupación Musical de Goián e mais a Banda Xuvenil de Goián dirixidas por Pedro Villarroel ofrecen un concerto co gallo da celebración do día da patroa da música Sta. Icíá, cunha temática nova e preparada especificamente para dito concerto e aberto a tódolos amantes da música.



**NO
VEM
BRO**

#MocidadeActiva



OBRADOIRO DE ARQUEOLOXÍA

18

sábado
novembro

Espazo Mercado de
Goián

De 11:30 h a 13:00 h

A partir de 12 anos

10€

A mocidade participante coñecerá e vivirá en primeira persoa como se traballa en Arqueoloxía. Comezarse comprendendo como se localiza un xacemento arqueolóxico, realizarase unha escavación clonada de xacementos reais, onde aparecerán pezas orixinais ou réplicas indistinguibles das reais. Como detectives do pasado, o alumnado fará unha interpretación do acontecido alí, datando os materiais coa técnica do C14 (carbono 14) e tamén realizando un exame forense dos ósos humanos antigos. Estas son algunhas das actividades deste obradoiro, cheo de leccións prácticas e divertidas sobre os coñecementos que nos achega a arqueoloxía.

NO
VEM
BRO

#CulturON
#Igualdade

IRIA ARES

XOÁN CARLOS MEJUTO

1888.
**Señorita
Julia**

Una versión rompedora, sexy
y con final incierto

*"Un Strindberg renovado,
muy nuevo y muy fresco".*

★★★★★



**1888. A SEÑORITA
XULIA
DE ESTUDO
MOMENTO**

25

sábado
novembro

Auditorio de Goián
21:00 h
Público adulto
De balde

A señorita Xulia decide aproveitar unha ausencia do seu pai, o Conde, para organizar unha festa secreta cos criados. Durante a velada, seduce a Juan, criado predilecto do Conde. Os dous amantes caen nun perigoso xogo de paixón, violencia, inocencia e amor. Dúas criaturas brillantes, vítimas do condicionamento social e moral dos seus mundos, tan diferentes... O texto de Strindberg sorprende -e atemoriza- por actual e contundente. É posible a igualdade entre home e muller? Entre ricos e pobres? Entre rei e escravo?

**NO
VEM
BRO**

#CulturON
#MesDoAmor



**VIVA VIVALDI
(1, 2, 3 Y 4
ESTACIONES)
OS MONICREQUES
DE KUKAS**

26

domingo
novembro

Auditorio de Goián
17:30 h
Público infantil
3€

No 2023 conmemórase o 300 Aniversario das catro estacións de Vivaldi, feito que inspirou a creación deste espectáculo onde son representados os cambios que se producen en cada unha das estacións do ano con pequenas historias que valoran a importancia da amizade e das relacións afectivas e solidarias.

**DE
CEM
BRO**



DE
CEM
BRO

#Voluntariado
#ONadal



NADAL VOLUNTARIO, NADAL SOLIDARIO

En colaboración co Centro de Día e coas residencias da Terceira Idade do concello de Tomiño levarase a cabo unha campaña de voluntariado para que persoas tomiñesas lles acheguen un agasallo e postal personalizada do Nadal a tódalas persoas maiores usuarias de ditos centros.

**Durante todo o
mes de decembro**

Edificio anexo ao
Mercado de Goián



MERCADO DE NADAL

06

mércores

decembro

ata o 10 de decembro

Centro histórico de
Vilanova de Cerveira
De balde

Información actualizada en
eurocidadecerveiratominio.eu

Cinco días repletos de actividades, animación itinerante e diversos talleres temáticos. O Acender das Luces e a Chegada do Pai Nadal son outros dos momentos máis agardados por cativos e maiores, ademais de moitas sorpresas.

CONCERTO DE NADAL DA CORAL POLIFÓNICA DE TOMIÑO

A coral tomiñesa comezou a súa andadura no ano 1997 e dende a súa fundación recorreu comarcas veciñas, así como moitas outras de Galicia, España e Portugal, participando en numerosos intercambios, encontros e concursos. Con este concerto inauguramos a programación navideña municipal.



DE
CEM
BRO

#CulturON
#ONadal

10

domingo
decembro

Auditorio de Goián
19:00 h
Todos os públicos
De balde

DE
CEM
BRO

#CulturON
#ONadal

CONCERTO DE NADAL

A Escola de Música de Goián despide o ano 2023 cun concerto no que participan dende os máis pequenos ata os máis profesionais, actuando alumnos de tódalas idades e diferentes grupos instrumentais como Banda infantil e a Banda xuvenil xunto á nosa banda Agrupación Musical de Goián. Temática de Nadal, divertida e desenfadada.

17

domingo
decembro

Auditorio de Goián
19:00 h
Todos os públicos
De balde



CONTARTE CON ARTE NO NADAL DE MIGALLAS TEATRO

Migallas Teatro pretende facer un teatro comprensible, crítico e entretido, bebendo da tradición do pobo e da vida cotiá, cunha visión universal das situacións humanas mais próximas.

DE
CEM
BRO

#CulturON
#ONadad



26

martes
decembro

Mercado de Tomiño
11:30 h
Público infantil
De balde

DE
CEM
BRO

#CulturON
#ONadal

MAXIA ESPECIAL NADAL DE CAYETANO LLEDÓ

Este Nadal será aínda máis máxico coa actuación de Cayetano Lledó que é mago, pero non só. Porque tamén interpreta, fai malabares, ilusiona e fai rir.

28

xoves
decembro

Mercado de Tomiño
11:30 h
Público familiar
De balde





DE
CEM
BRO

#Eurocidade



FESTA DE FIN DE ANO

31

domingo
decembro

De balde
Información actualizada en
eurocidadecerveiratomino.eu

Dar a benvinda a un novo ano cunha noite memorable con música, lume de artificio e moito bo humor é a proposta para despedir o 2023 e abrazar o novo ano de 2024.

**XA
NEI
RO**



CABALGATA DE REIS 2024

Como cada ano, a tradicional Cabalgata de Reis terá lugar o 5 de xaneiro.

XA
NEI
RO

#CulturON
#ONadal



05

venres
xaneiro

Público familiar
De balde





CALEN DAR IO

setembro—outubro
novembro—decembro
xaneiro

SE TEM BRO

OU TU BRO

- todo o ano
Escola de Música
- 22 venres
Presentación e proxección do libro interactivo O Miño sereno, de Lucía Laín
- 29 venres
Presentación do libro O Camiño (da Nosa Señora) do Norte a Santiago
- 30 sábado e domingo 1 de outubro
O Goián vaciado, Grupo San Roquiño
- 30 sábado e sábados 1, 14 e 21 de outubro
Curso básico de primeiros auxilios expedido pola Cruz Vermella
- todos os martes ata xullo
Escola de Teatro
- ▼ todo o mes
Campaña de promoción do noso voluntariado local
- 03 martes ata sábado 29 de xuño
Escola de tenis
- 04 mércores
5º aniversario da constitución da Eurocidade Cerveira Tomiño
Presentación da Axenda Urbana 2030
- 05 xoves e os xoves 9 de novembro, 14 de decembro e 11 de xaneiro
Ciclo de Outono do Cineclub Poleiro

- 06 venres
- **Outono de libros 2023: Murmuraban as miñas veciñas, de Dani Blanco**
- 07 sábado
 - NAIS, de Inma Morandeira e Eva Iglesias**
- 07 sábado e sábados 14, 21 e 28
 - Obradoiro de música urbana**
- 08 domingo
 - MAXIA DELUXE, de Cayetano Lledó**
- 13 venres
- **Outono de libros 2023: Ruliña no camiño, de Alfonso Ferreira Ramilo**
- ▼ 14 sábado
 - Día mundial da saúde mental**
- 15 domingo
 - Concerto de Outono da Coral Polifónica de Tomiño**
- 20 venres
- **Outono de libros 2023: Claro de lúa, de Purificación Ameixide**
- 21 sábado
 - SMOKE ON THE WATER, de Ibuprofeno Teatro**
- 22 domingo
 - NINA NINETTE, de Paula Quintas-Cía**
- 27 venres
- **Outono de libros 2023: Los secretos de los cuentos clásicos (Archivos desclasificados), de Miriam C. Leirós**
- ▼ 28 sábado
 - Campaña de adopción canina e felina**
- 28 sábado
 - 2º Ciclo expositivo do Museu Bienal de Cerveira**





NO VEM BRO



DE CEM BRO

- 11 sábado
Último verán en Santa Cristina, de Teatro do Noroeste
- 12 domingo
DUNCAN DE PALLEIRO, de Lila Teatro
- 18 sábado
Concerto de Sta. Icíá
- 18 sábado
Obradoiro de arqueoloxía
- 25 sábado
1888. A señorita Xulia, de Estudo Momento
- 26 domingo
VIVA VIVALDI (1, 2, 3 y 4 estaciones), de Os Monicreques de Kukas
- todo o mes
NADAL VOLUNTARIO, NADAL SOLIDARIO
- 06 mércores
Mercado de Nadal
- 10 domingo
Concerto de Nadal da Coral Polifónica de Tomiño
- 17 domingo
Concerto de Nadal
- 26 martes
CONTARTE CON ARTE NO NADAL, de Migallas Teatro
- 28 xoves
MAXIA ESPECIAL NADAL, de Cayetano Lledó
- 31 domingo
Festa de fin de ano

XA NEI RO

05 venres de xaneiro
CABALGATA DE REIS
2024







Tomino
CONCELLO

Inscripcións.

www.tomino.gal — 

omix@tomino.gal — 

+34 986 622 001 — 

Praza do Seixo, 1
36740 Tomiño

Distribución gratuita. Poden existir alteracións da programación e calendario desta axenda



XUNTA
DE GALICIA



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

AGADIC



Agencia Galega de
Información Turística